

Liorta, zarapallada

Un exercicio de enxeño

María Navarro | 30.01.2020 | 00:37


Tres palabras no título abundan para facérmonos unha idea do ton da peza teatral que Manuel Núñez Singala vén de publicar na colección "Costa Oeste" da editorial Galaxia. O xogo de palabras *Atranco no banco* suxire e remite a liorta, confusión, zarapallada e, efectivamente, iso é o que atopamos no texto: catro personaxes que relacionados dous a dous se dispoñen a entrar nunha entidade bancaria un domingo pola mañá coa intención non precisamente de traballar e o que nun comezo parecía doado, vaíse complicando pola falta de previsión e desemboca nun auténtico chasco.

Polo camiño unha sorte de malentendidos, de equívocos lingüísticos e condutuais, de ambigüidades e terxiversacións de termos arrincarán aos espectadores máis dun sorriso.

Os diálogos frescos e divertidos, coidados e con significativas concesións á coloquialidade teñen a capacidade de converter unha conversa aparentemente banal nun auténtico exercicio de enxeño onde os receptores terán a oportunidade de ir averiguando que é o que vai sucedendo só co insinuante uso da palabra, facultade da que o escritor é bo confeccionador e da que, nesta como noutras moitas obras, fai un uso extraordinario.

Non faltan tampouco as referencias e alusións a aspectos que teñen que ver con prexuízos lingüísticos e tamén doutro tipo, formas de diglosia que ao lado de comentarios sobre determinados estereotipos supoñen unha boa estampa dun amplo sector da sociedade. Calquera momento é bo, calquera canle semella para interesante para anunciar/denunciar a saúde do sistema.

NÚÑEZ SINGALA, M., *Atranco no banco*, Ed. Galaxia, Vigo, 2019, PVP: 11, 11 ?



Liorta, zarapallada

HEMEROTECA

[Volver a la Edición Actual](#)

Opinión

Lo que pasa en Wuhan...

RAFA LÓPEZ

El secretismo que impulsaron las autoridades chinas al comienzo del brote dificultó que se...

Por un puerto de Vigo competente y competitivo

ANTONIO VÍRAL*

Entre los distintos polos de desarrollo con que cuenta Vigo, hay

Ideología

CONDALO J. ORDÓÑEZ PUNTE

Como sombra forzada del alma, batalla incansante por acomodar el andar humano a la horma que...

Las viñetas del lunes 3 de febrero

El mejor humor gráfico de FARO de la mano de Davila y Gogue

López Veiga y la protección de datos

Habrí que esperar a ver qué dice el presidente de la Autoridad...

El preaviso

JAVIER SÁNCHEZ DE DIOS

A estas horas es más que posible que la dirección del llamado PSdeG-PSOE haya 'explicado', o lo...